

PREGO DE PRESCRICIÓN TÉCNICAS

SELECCIÓN DE PROMOTORES EMPRESARIAIS (PROFESIONAIS EXTERNOS) PARA A DEFINICIÓN DE PLANS DE EMPRESA E ANÁLISE DA VIABILIDADE REAL DE CADA INICIATIVA CO OBXECTO DE IDENTIFICAR AS POSIBLES POTENCIALIDADES E OPORTUNIDADES DA MESMA, DENTRO DO PROXECTO SPIN_UP (Actividade 3. Consultar anexo II)

O proxecto SPIN_UP “Definición e implementación de NLT para a promoción de SpinOffs Universitarias e StartUps innovadoras” con referencia 0609_SPIN_UP_1_E está cofinanciado ao 75% polo programa Interreg V–A España –Portugal (POCTEP) 2014–2020 a través do Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER) da Unión Europea.

1. OBXECTO DO CONTRATO

A finalidade do contrato é a selección dos profesionais externos que participarán na definición dos plans de empresa e na análise da viabilidade real dos proxectos seleccionados para seren apoiados dentro da actividade 3 “Perfeccionamento do modelo de Negocio” do proxecto SPIN_UP. Trátase de sacar a concurso público a subcontratación de servizos especializados de expertos externos para a elaboración de dez plans de negocio.

2.– REQUISITOS DOS PROFESIONAIS EXTERNOS

Para esta actividade, o traballo presentado abranguerá os seguintes aspectos:

- As empresas ou profesionais independentes que se presenten a este concurso, deberán poder xustificar e demostrar que contan con persoal ou colaboradores con experiencia, na elaboración do canvas, plans de empresa e estudos de viabilidade real nas catro áreas identificadas como estratéxicas dentro do proxecto e que se enumeran a continuación:
 - Agro–bio Industria da Alimentación
 - Industria Creativa, TIC, Turismo
 - Salud–Envejecimiento Activo
 - Industria de la Transformación (4.0)
- No caso de que a demanda sexa superior en algúns sectores en detrimento doutros poderían declararse desertos algúns sectores (non solicitados) e destinarse todo o orzamento ou parte destes aos que contan cunha maior demanda.

- Así mesmo, o adxudicatario/os deberán poder xustificar e demostrar que conta coa capacidade necesaria para atender a posibles consorcios transnacionais e coa competencia suficiente para elaborar un proxecto destas características.
- O adxudicatario deberá acreditar a experiencia do persoal asignado ao proxecto, como consultor na elaboración de plans de empresa de proxectos de similares características (Spin Off e Start Up) procedentes tanto do ámbito universitario como industrial e vinculados ao sectores identificados.
- Os promotores que acompañen as iniciativas empresarias deberán contar co Nivel 4 o superior do Marco Europeo de Cualificacións para a aprendizaxe permanente (Nivel 2 segundo o Marco Español de cualificacións: Técnico medio).
- Dedicación mínima de 100 horas por promotor a cada iniciativa a acompañar. Un mesmo promotor poderá acompañar a varias iniciativas empresariais, sempre e cando se garanta o cumprimento íntegro do obxecto da contratación cunhas condicións de calidade suficientes.
- O adxudicatario deberá presentar o compromiso de dedicar ou asignar á execución do contrato suficientes recursos persoais e materiais. O persoal do equipo non poderá ser substituído salvo en casos de forza maior ou desvinculación laboral do persoal coa empresa contratada. En todo caso, o substitución será por unha persoa de formación e experiencia equivalente ou superior á do substituído, e deberá contar coa aprobación previa de UNINOVA

3. DESENVOLVEMENTO DO TRABALLO:

Unha vez seleccionadas as iniciativas empresariais beneficiarias do proceso de acompañamento previsto dentro dos núcleos locais de transferencia do proxecto, iniciarase o proceso para a súa aceleración e transformación en empresas.

A cada iniciativa, en función das súas características, necesidades e sector de actividades Uninova asignaralle, de entre o total de profesionais externos postos a disposición do proxecto segundo o recollido nestes pregos, un promotor/a empresarial para o asesoramento na definición do modelo de negocio.

Os profesionais externos asesorarán e elaborarán para cada iniciativa empresarial o plan de negocio de acordo co recollido e plasmado no Canvas Model que deberá estar listo antes do 30/04/2021. Estes profesionais orientarán aos emprendedores na definición dos seus Business Canvas Model, e na análise da viabilidade real da iniciativa, tanto

económica como técnica (o plan de empresa e a análise da viabilidade real da iniciativa deberá estar rematado a data 30/06/2021)

Para aqueles proxectos empresariais xurdidos da universidade empregárase, na medida do posible, a variante Lean proposta polos socios do proxecto Erasmus SpinOff Lean Acceleration (<http://spinoffleanacceleration.org/es>), finalizado en marzo de 2018, e no que traballaron a Universidade do Porto e a Universidade de Santiago de Compostela. Esta variante do BMC, ten en conta as particularidades das SpinOff Universitarias.

O promotor/a empresarial ademais de asesorar no business plan, realizará unha análise da viabilidade real de cada iniciativa, co obxectivo de identificar as posibles potencialidades e oportunidades reais da mesma.

Para a mellora da viabilidade e sustentabilidade das iniciativas seleccionadas o promotor empresarial facilitará a colaboración e contacto coas aceleradoras empresariais nas que participa a Xunta de Galicia: Vía Galicia e Galicia Open Future así como coa Bioincubadora Bioincubatech a través das cales se tentará dar continuidade ás iniciativas empresariais xurdidas en Galicia ou aquelas de carácter transfronteirizo entre Galicia e Portugal.

UNINOVA poderá supervisar a execución dos traballos, comprobando que a realización dos mesmos se axusta ao establecido no presente prego, e cursará as ordes e instrucións que estime oportunas.

Ao finalizar a prestación do servizo cada consultor entregara a Uninova unha copia do plan de empresa así como un informe resumo do traballo realizado con cada proxecto empresarial.

4. ORGANIZACIÓN E XESTIÓN DO PROXECTO

Uninova designará unha persoa de contacto para o proxecto que exercerá como representante da mesma e actuará como interlocutor e responsable do proxecto co adxudicatario.

Pola súa parte, o adxudicatario propondrá un equipo de traballo formado por persoas con perfís adaptados ás tarefas a desenvolver (especificadas neste prego) dentro das áreas establecidas.

5. PRAZOS

O prazo estimado para a realización do traballo será de **seis meses** que previsiblemente se desenvolverá do 01/01/2021 ao 30/06/2021.

6. ORZAMENTO

O orzamento máximo para levar a cabo estes traballos é de un máximo de **45.000 euros, IVE non engadido distribuído ao longo do ano 2021 e para a elaboración dun** máximo de 10 plans de empresa. O orzamento será de 4.500€ por plan elaborado.

O pagamento realizarase á finalización da prestación do servizo para cada un dos proxectos empresariais asignados podendo quedar orzamento non adxudicado no caso de que o número de plans de empresa sexa inferior a 10.

7. PROPIEDAD INTELECTUAL

O adxudicatario acepta expresamente que todos os documentos e resultados dos traballos realizados e a súa propiedade intelectual son propiedade de Uninova ou dos promotores empresariais, segundo corresponda.

Así mesmo, o adxudicatario renuncia a calquera dereito sobre estes conceptos e unicamente poderá facer uso deles como referencia para futuros traballos de idéntica natureza.

Santiago de Compostela, 26 de outubro de 2020

O Conselleiro Delegado

D. Vicente Pérez Muñuzuri